

CONVOCATORIA MOBILIDADES ERASMUS+ MONTIJO CURSO 2025-2026

PROXECTO: 2024-1-ES01-KA131-HED-000210049
2025-1-ES01-KA121-VET-000323979

OBXECTO:

O Equipo de Programas Internacionais convoca ao **alumnado de PRIMEIRO CURSO dos ciclos formativos, de Ciclo Medio de Estética, de Ciclo Medio de Perruquería e do Ciclo Superior de Administración e Finanzas** do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar na mobilidade en Portugal, que se realizarán durante o mes de xuño do presente curso.

A mobilidade na FP achega un valor evidente ao axudar aos mozos a abrir as súas mentes, ampliar as súas competencias sociais, profesionais e transversais, desenvolver o gusto pola innovación e a iniciativa e o sentido da cidadanía europea. É unha forma de mellorar os resultados globais das organizacións (tanto dos provedores de FP como das empresas) implicadas en ditas prácticas, creando estratexias de internacionalización duradeiras e, ao mesmo tempo, axudando tamén ás empresas a atopar as competencias adecuadas que necesitan para aumentar a súa competitividade.

PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes é **dende o día 6 de maio**, data da publicación desta convocatoria, **ata o día 11 de maio**, ambos inclusive.

SOLICITUDES:

Para poder participar nas mobilidades Erasmus+ do presente curso 2025/26:

1. Será necesario cumprimentar e enviar o formulario publicado na Web do centro para tal fin, escaneando este QR ou tecleando

https://ec.europa.eu/eusurvey/runner/MONTIJO_ALUMNADO_2025-2026



2. Superar o proceso selectivo.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- A persoa interesada deberá estar matriculada nun Ciclo no IES JOHAN CARBALLEIRA no primeiro curso de Ciclo Medio de FP de Estética ou Perruquería ou no primeiro curso do Ciclo Superior de Administración e Finanzas
- O/a estudante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.

- A comisión de valoración poderá decidir, en base ao informe de Orientación e o equipo directivo, sobre a idoneidade dun participante para formar parte no proceso de selección en base ao seu grado de madurez, responsabilidade, flexibilidade, equilibrio emocional e adaptabilidade para afrontar con éxito un cambio de vida, costumes e contornas.

CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Serán motivos de exclusión:

- O alumnado que teña sido obxecto, durante a realización do ciclo, de calquera tipo de medida disciplinaria (máis de 2 faltas de orde, expulsión temporal do centro, apertura de expediente disciplinario, etc.)
- As persoas que non presenten os documentos requiridos dentro dos prazos establecidos (formulario de solicitude, currículo Europass, carta de presentación, tarxeta sanitaria europea, etc.) ou que non asistan ás entrevistas de selección do proxecto.
- O equipo de programas internacionais, logo de analizar a valoración feita polo equipo docente, e que amose unha falta de responsabilidade (non asistencia a actividades propostas: clases de idiomas, reunións...) pode decidir a exclusión do candidato/a para realizar a mobilidade.

O alumnado que por motivos de forza maior renuncie a participar na mobilidade, deberá comunicalo por escrito xustificando eses motivos.

FASES E CRITERIOS DE PUNTUACIÓN DO ALUMNADO NO PROCESO DE SELECCIÓN:

A selección de candidatos/as estará baseada nos seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIOS DE SELECCIÓN	BAREMO	COMO SE VALORA
Expediente académico do candidato/a	ata 5 puntos	Valorarase obtendo a nota media da primeira e segunda avaliación.
Competencia lingüística en inglés ou no idioma do país de destino (Obrigatoriamente achegarse a acreditación oficial xunto co formulario de solicitude)	ata 5 puntos	Con acreditación oficial: Nivel Competencia B2 ou superior: 5 puntos Nivel de Competencia B1: 4 puntos Nivel de Competencia A2: 3 puntos Nivel de Competencia A1: 2 puntos

COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS NUNHA LINGUA ESTRANXEIRA (ata 5 puntos).

O alumnado que presente algún documento oficial que acredite o nivel de idioma fará entrega deste documento, obrigatoriamente, xunto co formulario de solicitude.

FASE: PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS.

Vistos os resultados das distintas fases do proceso selectivo, a Comisión de Avaliación confeccionará unha listaxe na que os candidatos/as aparecerán ordenados/as de maior a menor puntuación, indicando o alumnado seleccionado e o que formará parte da lista de reserva. Se o número de solicitudes supera ao de prazas, crearase unha listaxe de agarda, na que figurará o alumnado dispoñible ata cubrir a totalidade das prazas.

O resultado provisional farase público no taboleiro de anuncios do centro e na web o **día 15 de maio de 2026**.

Para presentar unha reclamación, poderase entregar un escrito dirixido á Comisión de Avaliación ata dous días naturais despois da emisión dos resultados, e enviado ao enderezo p-internacionais@iesjohancarballeira.com.

O prazo máximo para publicar a listaxe definitiva será o **19 de maio de 2026**